

**A N U N C I O**

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, publícase o texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola expedición de documentos, unha vez rematado o período de exposición pública, sen que se tiveran presentado reclamacións, polo que se entende definitivamente adoptado o acordo.

**ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS  
ADMINISTRATIVOS, TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES E DEREITOS DE EXAME****ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E RÉXIME**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos, tramitación de expedientes e dereitos de exame, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

**ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE**

1.—Constitúe o feito impoñible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2.—A estes efectos entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que se provocara polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do mesmo.

3.—Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos administrativos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais fronte ao municipio, así como as consultas tributarias, as solicitudes de devolución de ingresos, e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público polo Concello.

#### ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire ó art. 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

#### ARTIGO 4º.—RESPONSABEIS

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o art. 42 da Lei xeral tributaria.

2.—Serán responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

#### ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA

1.—A cota tributaria determinarase por una cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2.—A cota de tarifa corresponde á tramitación completa en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

#### ARTIGO 6º.—TARIFA

##### 6.1.—CERTIFICACIÓNS/ INFORMES/DUPLICADOS/TARXETAS/AUTORIZACIÓNS:

— Certificados ou informes relativos ao catastro . . . . .	1,30 €
— Certificados ou informes urbanísticos . . . . .	12,00 €
— Certificados ou informes emitidos por técnicos municipais . . . . .	12,00 €
— Certificados ou informes emitidos por policía local . . . . .	12,00 €
— Certificados de servizos prestados no Concello . . . . .	6,00 €
— Certificados de documentos de acordos municipais do ano en curso . . . . .	4,00 €
— Certificados de documentos de acordos municipais de anos anteriores . . . . .	6,00 €
— Outros certificados ou informes . . . . .	6,00 €
— Duplicados de documentos extraviados . . . . .	6,00 €
— Duplicados Tarxeta estacionamento para persoas con minusvalía . . . . .	6,00 €
— Tarxeta animais perigosos . . . . .	20,00 €
— Outras tarxetas, carnés, ou autorizacións . . . . .	15,00 €
— Busca ou cotexo de documentos de ata 5 anos de antigüidade . . . . .	4,00 €
— Busca ou cotexo de documentos de máis de 5 anos de antigüidade . . . . .	5,00 €

##### 6.2.—COPIAS/COMPULSAS:

— Fotocopias (cada folio DIN A4) . . . . .	0,10 €
— Fotocopias (cada folio DIN A3) . . . . .	0,15 €
— Copias planos existentes nas dependencias municipais en b/n . . . . .	1,00 €

– Copias planos existentes nas dependencias municipais en color .....	1,50 €
– Copia Plan Xeral Ordenación Urbana, normas urbanísticas(CD) .....	30,00 €
– Copias orzamentos ou ordenanzas (por cada folio) .....	0,15 €
– Copias de calquera documento municipal non tarifado (por folio) .....	0,15 €
– Compulsa documentos: Por páxina .....	1,00 €
<b>6.3. – EXPEDIENTES DECLARACIÓN RUÍNA</b>	
– Por declaración ruína .....	200,00 €
<b>6.4. – DEREITOS EXAME:</b>	
– Prazas grupos A1 ou asimilado .....	24,00 €
– Prazas grupos A2 ou asimilado .....	22,00 €
– Prazas grupos C1 ou asimilado .....	18,00 €
– Prazas grupos C2 ou asimilado .....	15,00 €
– Prazas de outras agrupacións profesionais ou asimilados .....	12,00 €
<b>6.5. – FORMALIZACIÓN DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS</b>	
– Pola formalización de contratos administrativos cando o valor estimado dos mesmos non supere o importe fixado na normativa de contratación administrativa para a súa tramitación como contrato menor .....	25,00 €

**ARTIGO 7º. – EXENCIONES E BONIFICACIONES**

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do TRLRFL, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

**ARTIGO 8º. – DEVENGO**

1. – Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2. – Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

**ARTIGO 9. – DECLARACIÓN E INGRESO**

1. – A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento de selo municipal adherido ao escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos, se aquel escrito non existira ou a solicitude non fora expresa.

2. – O pago da taxa correspondente realizarase unha vez presentada a solicitude e antes do inicio da actuación ou expediente correspondente mediante o ingreso do importe correspondente nas dependencias municipais de recadación do Concello ou en Entidade bancaria facilitada polo mesmo.

O xustificante de ingreso unirase á solicitude sendo requisito imprescindible para dar trámite á mesma.

3. – Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non serán tramitados sen que se emende a deficiencia, a cuxo fin se requirirá ao interesado para que no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes, co apercibimento de que, transcorrido dito prazo, a solicitude será arquivada.

**ARTIGO 10. – INFRACCIÓN E SANCIONS**

No tocante a cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable que a desenvolve.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 13 de xullo de 2013 e entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

A presente Ordenanza fiscal derroga a actual Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

O Rosal, a 10 de setembro de 2013.— O Alcalde, Jesús María Fernández Portela.

**2013008086**